

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE DEPORTES INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BRIÓN 2024.

Sendo as 12,00 horas do día 14.07.2025, reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 25.06.2025, para os efectos da realización do 1º exercicio da fase de oposición, e cuxa composición foi publicada na páxina web e taboleiro de edictos do concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidenta:

María Dolores Torrado Ares.

Secretario:

Javier Nieves González.

Vogais:

María Dolores Landeira Liñares.

José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Luis Taboada Hervella.

Co quórum esixido pola base 6 para a válida actuación do tribunal, procédese á realización do primeiro exercicio da fase de oposición, consonte co disposto na base 8.3 da convocatoria.

Realizouse o chamamento para a realización do 1º exercicio, téndose presentado da lista definitiva de aspirantes, para a súa realización, as seguintes persoas:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME
TRIGO	ROMERO	JOSE MANUEL

Rematada a realización do exercicio sendo as 12,52 horas, polo tribunal procedeuse a súa corrección.

Avaliados os exames consonte co disposto na base 8.3, os aspirantes presentados obtiveron as seguintes puntuacións:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	PUNTUACION
TRIGO	ROMERO	JOSE MANUEL	8,00

O tribunal por unanimidade acorda:

1º) Publicar as puntuacións obtidas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do concello, dispoñendo os aspirantes dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación, para formular reclamacións/alegacións respecto dos resultados e cualificacións obtidos consonte co disposto na base 8.

Presentación:

- De forma presencial no Rexistro deste concello e/ou nos demais lugares previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- De forma telemática, previa identificación electrónica, a través da sede electrónica que se atopa na páxina web municipal www.concellodebrion.gal

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 13,05 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.